

Guía de lectura:

Virtudes (e misterios) de Xesús Fraga

Antes de comezar a ler:

1. Coñeces este [autor](#)? Liches algunha outra obra ou artigo del?
2. Data de comezo da lectura: _____ Data de remate: _____
3. Soporte de lectura empregado: _____
4. Por que ler este libro:
☐ clube de lectura ☐ recomendación ☐ temática ☐ autor
5. Este libro recibiu o Premio Blanco Amor 2019. Son importantes os premios literarios? Por que? Coñeces algún outro libro que recibira este premio?
6. Que che di a portada do libro? Impacta?

Durante a lectura:

1. Reflexiona a final de cada capítulo e tira o máximo partido do texto. Por exemplo,
Para quen é máis difícil a emigración, para o que marcha ou para os que quedan?
2. Vocabulario novo:
Non interrompas a lectura para buscar unha palabra; intenta deducila polo contexto. Se non é claro ou aparece máis veces, copia a frase. Cando remates o capítulo ou a lectura do día podes buscala e rexistrar a definición, un sinónimo. Para iso podes crear un glosario do libro nun caderno ou gravalo en notas de voz.
3. Personaxes:
Quen son? Reais? Fantásticos? Podes empatizar con eles? Son odiosos? Que circunstancias arrodean a súa situación vital? Como os trata o autor?
Cal é a túa personaxe favorita? Por que?
Cal é a personaxe que menos che gusta? Fai un papel importante?
As personaxes son retratadas desde dentro, amósanse os seus pensamentos? Agóchase algo sobre alguén?
4. Cal é o fío argumental máis interesante para ti? Podes imaxinar como vai continuar a historia? Anota para poder comparar unha vez rematada a lectura.
Pérdeste ao leres a historia? Por que (xeito de contar a historia, estilo complicado...)?
5. Un dos temas centrais da obra é a emigración. Que coñeces deste tema? Tes algún familiar ou coñecido que tivese experiencias similares? Que diferenzas hai entre a emigración nos anos 60 e a emigración actual?
Pensas que o libro esaxera ou idealiza ao retratar a emigración?

(A) Despois da lectura:

1. Cal é a túa opinión global da obra?
2. Que aprendiches sobre a/s temática/s presentadas. Analiza o enfoque do autor. Compara coa túa experiencia persoal ou o teu coñecemento.
3. Que opinas sobre o estilo do autor? É formal? Lémbtrate outros autores?
4. Que vocabulario ou estruturas aprendiches ou repasaches logo da lectura?
5. Cumpriu o libro as túas expectativas iniciais? Por que ou por que non?
6. Recomendarías este libro ou non? Por que?
7. Lerás algún outro libro do mesmo autor?
8. Resume a túa impresión do libro nunha frase.
9. Se tiveses que poñerlle outro título ao libro, cal sería?

(B) Despois da lectura:

1. Que lle pasou ao avo para que se desligase totalmente da súa familia?
2. Por que a avoa non volta antes a Galicia?
3. Ten unha visión idealista do outro lado? (Galicia ou Inglaterra)
4. Como será a vida da familia de quedar na Inglaterra de Thatcher?
5. Hai un retrato positivo da feminidade? E da infancia?
6. É Virtudes a verdadeira protagonista desta historia novelada?
7. Quedaron contestadas as túas preguntas ou reflexións iniciais?

